

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2023056815
ASUNTO	DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN RESPONSABLE DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN
TRÁMITE	RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

O deputado delegado en materia de persoal, no exercicio das facultades conferidas pola normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Visto o informe-proposta do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 12 de setembro de 2023 (CSV R9o4KR6DGK3J51LN), na súa calidade de membro do Comité Técnico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que textualmente di:

“O 21 de febreiro de 2023 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, que ven a traspoñer a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión, que a fin de evitar diferentes réximes xurídicos existentes nos Estados membros que dificulte a aplicación coherente do Dereito europeo e perseguir as súas infraccións, regula aspectos mínimos que teñen que satisfacer os distintos Estados coa finalidade de protexer ás persoas que informan sobre vulneracións do ordenamento xurídico no marco dunha relación laboral, xa que a experiencia demostra que é preferible que a información sobre prácticas irregulares se coñeza pola propia organización para corrixilas e reparar o antes posible os danos, ademais de ser un deber cidadán o de informar cando se está en presenza dun delito.

Un primeiro contacto neste contexto xa o tivo a Deputación provincial de Pontevedra co obxectivo de cumprir co previsto no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, aprobando por Resolución presidencial número 2022000940, do 4 de febreiro de 2022, o Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, que ten como obxectivo garantir e declarar que a Deputación Provincial de Pontevedra, como entidade executora e/ou xestora chamada a participar na execución das medidas do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da economía española (PRTR), vai utilizar os fondos provenientes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) regulado polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, de conformidade coas normas aplicables, en particular, na prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, a través dunha canle de denuncias xestionado por unha Comisión Antifraude e que se pon a disposición da cidadanía garantindo o anonimato da persoa denunciante.



Agora dáse un paso máis neste camiño para cumprir cos obxectivos da Directiva (UE) 2019/1937, como son o de protexer aos informantes e establecer as normas mínimas das canles de información, incorpóranse ao contido desta Lei que ten carácter básico e obriga as entidades públicas a implantar un Sistema de Información Interno que integre unha canle de información no que a entrada das denuncias, así como a súa xestión, estea configurada de tal forma que protexa as persoas que nun contexto laboral ou profesional detecten infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves e as comuniquen mediante os mecanismos regulados creando así un entorno de confianza.

En canto ao prazo para a implantación deste Sistema Interno de Información, a disposición transitoria segunda da Lei recolle que as entidades obrigadas a contar con este deberán telo implantado no prazo máximo de tres meses a partir da entrada en vigor da Lei (vinte días despois da súa publicación, o 21 de febreiro de 2023), cumpríndose dito prazo o 13 de xuño de 2023. A Deputación provincial de Pontevedra, sen faltar ao seu compromiso normativo, publicou en tempo na páxina web institucional un espazo dedicado a Canle de denuncias e a través da cal os informantes podían facer chegar as súas denuncias na modalidade nominal ou anónima e que se tramitaron provisionalmente por persoal técnico provincial adscrito aos Servizos de Asistencia aos Municipios, Secretaría Xeral e Recursos Humanos e Formación.

Sen prexuízo do anterior, por Resolución Presidencial nº 2023006765, de data 5 de setembro de 2023, aprobouse a implantación definitiva na Deputación de Pontevedra do Sistema Interno de Información e a incorporación da Canle de Información Interna, así como a Canle de denuncias en materia de integridade institucional e o buzón de queixas e suxestións, regulándose así mesmo o procedemento de xestión das informacións e a Comisión Responsable do Sistema interno de Información, en cumprimento do artigo 8 da Lei 2/2023.

Dita Comisión estará composta por un Presidente/a, e dous/dúas vogais, quen ao mesmo tempo que ostentan este cargo seguirán a desempeñar o posto de traballo ao que estean adscritos, e serán designados por Resolución Presidencial a proposta do deputado delegado en materia de persoal.

*En virtude do anterior e en cumprimento da lexislación vixente na materia **PROPONSE:***

Primeiro.- *En atención as súas competencias e áreas de coñecemento, designar como membros desta Comisión aos seguintes funcionarios e funcionarias de carreira da Deputación Provincial de Pontevedra:*

Don Gabriel Rodríguez Alonso, xefe do Servizo de Asistencia aos Municipios

Dona Silvia Labraña González, técnica de administración electrónica e innovación adscrita ao Servizo de Recursos Humanos e Formación

Don Luís Feijoo García, asesor xurídico de Administración Electrónica, Transparencia e Protección de Datos adscrito a Secretaría Xeral



***Segundo.-** Este órgano colegiado deberá delegar nun dos seus membros as facultades de xestión do Sistema e de tramitación de expedientes de investigación.*

***Terceiro.-** Os membros da Comisión deberán desenvolver as súas funcións de forma independente e autónoma respecto ao resto dos órganos da entidade ou organismo, non poderá recibir instrucións de ningún tipo no seu exercicio, e deberán dispor de todos os medios persoais e materiais necesarios para levalas a cabo.*

***Cuarto.-** Tanto o nomeamento como o cese dos integrantes da Comisión deberán ser notificados á Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I ou, no seu caso, ás autoridades ou órganos competentes das comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias, no prazo de dez días hábiles seguintes a súa designación, especificando no caso do seu cese, as razóns que o xustificaran.”*

Á vista do exposto, de conformidade co disposto na Resolución Presidencial nº 2023006250, de 8 de agosto de 2023, de delegación de competencias da Presidencia, **RESOLVO** de conformidade coa precedente proposta.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa recepción (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da mesma (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa). Todo iso sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera outro recurso que estime procedente.

